

I. DISPOSICIÓN XERAIS**Consellería da Presidencia**

Decreto 181/1987, do 23 de xullo, polo que se modifica parcialmente a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Benestar Social.

Establecida a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Benestar Social polo Decreto 204/1986, cómpre agora proceder a unha modificación parcial, unha vez comprobadas as melloras que se operaron no seu funcionamento, e co fin de lograr unha maior coordinación na actuación de determinadas unidades administrativas que exercían funcións semellantes, co cal se consegue un maior grao de eficacia administrativa sen que supoña aumento do gasto público.

En consecuencia, en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, a iniciativa do Conselleiro de Cultura e Benestar Social e a proposta do Conselleiro da Presidencia, logo de deliberación e aprobación polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintetrés de xullo de mil novecentos oitenta e sete,

DISPOÑO:**Artigo 1º.—**

A Subdirección Xeral de Centros e Instalacións e mailo Servicio de Xestión Económica e Investimentos ata agora dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Deportes e da Dirección Xeral de Servizos Sociais, respectivamente, pasan a depender orgánica e funcionalmente da Secretaría Xeral Técnica.

Artigo 2º.—

A Subdirección Xeral de Centros e Instalacións estará integrada polas seguintes unidades:

- 1.— Servicio de Xestión Económica e Investimentos.
- 2.— Servicio de Contratación de Obras, Mantemento e Subministracións.

Artigo 3º.—

O Servicio de Inspección e Funcionamento de Centros dependerá orgánica e funcionalmente do Director Xeral de Xuventude e Deportes.

Artigo 4º.—

Suprímese a Subdirección Xeral de Planificación e Xestión, da Dirección Xeral de Servizos Sociais. Esta unidade que se suprime dependía funcionalmente, conforme ó disposto no artigo 2 da Orde do 9 de decembro de 1986, da Secretaría Xeral Técnica.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**Primeira.—**

Queda facultado o Conselleiro de Cultura e Benestar Social para dicta-las disposicións que cumpran para o desenvolvemento deste Decreto.

Segunda.—

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan ó presente Decreto, que entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vintetrés de xullo de mil novecentos oitenta e sete.

Xerardo Fernández Albor
Presidente

Manuel Anxo Villanueva Cendón
Conselleiro da Presidencia

III. OUTRAS DISPOSICIÓN**Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas**

Orde do 22 de xullo de 1987 de axudas para rehabilitación, complementarias das do Plan Cuatrienal da Vivenda regulado polo Real Decreto 2329/83, do 28 de xullo.

A constante e progresiva deterioración das fachadas e elementos exteriores da construción típica galega no medio rural contribúe a desnaturaliza-la tradicional tipoloxía dos núcleos rurais existentes en Galicia.

Por iso, e mais para evitar esta deterioración da tipoloxía propia dos núcleos rurais, cómpre arbitrar unhas axudas complementarias ás hoxe existentes en materia de rehabilitación para incentiva-la conservación no medio rural galego desa riqueza patrimonial do noso pobo.

A parte dos obxectivos anteriores, preténdese con estas axudas fomenta-la rehabilitación facilitando a tramitación coa posibilidade de presentalas solicitudes nas entidades financeiras colaboradoras, así como o planeamento urbanístico municipal, revitalizando prioritariamente estes núcleos fronte ás edificacións diseminadas e garantíndose as condicións hixiénico-sanitarias.

Por iso, a Xunta de Galicia considera necesario establecer, con cargo ós recursos presupostarios propios, unhas medidas complementarias de protección de carácter autonómico, coexistentes cos sistemas de protección vixentes.

Na súa virtude, e tendo en conta a competencia da Comunidade Autónoma galega e desta Consellería en materia de vivenda,

DISPOÑO:

I.— Disposicións Xerais

Artigo 1º.—

1.— Esta disposición ten por obxecto promover e incentivar mediante axudas complementarias a rehabilitación de vivendas enclavadas en núcleos para a súa adecuación ó medio e á tipoloxía propia da zona, con cargo á partida presupostaria 06.02.331-B.781.0.

2.— Igualmente, preténdese fomentalo planeamento urbanístico municipal e a revitalización prioritaria destes núcleos fronte ás edificacións diseminadas.

3.— As axudas establecidas nesta disposición son independentes e compatibles coas restantes axudas e subvencións do Plan Cuatrienal da Vivenda.

4.— Non obstante, estas axudas son incompatibles coas contempladas no Decreto 258/85 sobre rehabilitación de vivendas familiares no medio rural.

II.— Ámbito

Artigo 2º.—

Poderanse acoller ás axudas expresadas anteriormente:

a) Aquelas vivendas unifamiliares que estean integradas en núcleos de menos de 500 habitantes delimitados no planeamento urbanístico.

b) Igualmente, no caso de planeamento adaptado á Lei 11/85 de Adaptación da do Solo a Galicia, as vivendas que estean en núcleos rurais delimitados.

c) No caso de defecto de planeamento, vivendas situadas en núcleos rurais preexistentes, segundo o establecido na disposición transitoria terceira da citada Lei 11/85.

III.— Beneficiarios

Artigo 3º.—

Poderán ser beneficiarios destas axudas os propietarios de vivendas que soliciten os beneficios de rehabilitación do Plan Cuatrienal vixente, cando aquelas cumpran o sinalado no artigo anterior e estean dedicadas ó seu domicilio habitual e permanente.

IV.— Actuacións protexibles

Artigo 4º.—

As actuacións que se inclúen no ámbito de protección que se establece nesta disposición son as seguintes:

1.— Cubertas

Aquelas cubertas de estrutura que se realizan con tella cerámica curva ou con placas de pizarra, segundo a tipoloxía da zona.

2.— Fachadas

Os acabados de fachada en pedra natural de sillería ou mampostería de espesor mínimo de 12 centímetros, encintados e pinturas exteriores recuperando a tipoloxía tradicional da zona.

3.— Carpintería exterior

Ventás, galerías, balcóns e portas de madeira e aluminio lacado ou P.V.C. segundo a tipoloxía, composición e colorido tradicional da zona.

Elementos singulares de pedra, madeira ou ferro forxado.

4.— Supresión de elementos engadidos

Obras que se realicen para eliminación de elementos non tradicionais (plaquetas, fibrocemento, etc.), engadidos á edificación (cuarto de baño, terrazas, escaleiras exteriores, etc.), así como recuperación de ocos.

Artigo 5º.—

1.— Poderán ser subvencionadas todas ou algunhas das actuacións de rehabilitación anteriormente sinaladas, cunha cantidade a fondo perdido dun vinte por cento do presuposto das obras obxecto de subvención complementaria, cun máximo de trescentas mil pesetas por vivenda.

2.— Para ter dereito a estas subvencións complementarias, a rehabilitación das vivendas deberá garantir as súas condicións hixiénico-sanitarias, incluída a construción de fosa séptica, de carecer dela ou se o vertido non se realizase á rede de sumidoiros municipal.

V.— Xestión e tramitación

Artigo 6º.—

1.— As solicitudes de axudas para rehabilitación de vivendas de promoción privada tanto libre como protexida, así como das axudas complementarias, poderanse presentar nas Xefaturas Provinciais de Vivenda das Delegacións Provinciais da C.O.T.O.P., nas Oficinas Xestoras de Rehabilitación e nas sucursais de calquera das entidades financeiras que subscribieran convenios para o financiamento do Plan Cuatrienal, logo de conformidade das mesmas.

2.— Exceptúanse as sucursais e as vivendas ubicadas en concellos nos que existen Xefaturas de Vivenda ou Oficinas Xestoras de Rehabilitación, xa que neste caso as solicitudes deberán ser presentadas ante elas.

3.— No caso de solicitarse axuda complementaria, terase que presentar simultaneamente coa correspondente á do Plan Cuatrienal e segundo o modelo que figura no anexo desta Orde.

Artigo 7º.—

1.— Se as solicitudes se presentan na sucursal dunha entidade financeira, esta datará e selará as solicitudes recibidas e entregará ás persoas que presenten a súa solicitude un resguardo no que conste a data de entrega e o nome do solicitante.

2.— As entidades financeiras á través dos seus servizos centrais remitirán a cada Xefatura de Vivenda das Delegacións Provinciais da C.O.T.O.P. tódalas solicitudes que fosen presentadas nas súas sucursais, coa documentación achegada, dentro dos quince días hábiles seguintes á súa presentación. Coas solicitudes e a súa documentación xuntarán tamén a comunicación da iniciación ou non do trámite de formalización dos préstamos solicitados.

As entidades financeiras remitirán tales solicitudes ás Xefaturas Provinciais de Vivenda respectivas, ordenadas por orde cronolóxica de presentación nas súas sucursais.

Artigo 8º.—

Faise constar que como data de presentación das solicitudes para efectos de prazo terase en conta únicamente a entrada da solicitude nos rexistros das Delegacións Provinciais da C.O.T.O.P. ou das Oficinas Xestoras de Rehabilitación.

Artigo 9º.—

A tramitación das diversas axudas do Plan Cuatrienal e da subvención complementaria que se contempla nesta Orde efectuarase nun só expediente. Con todo, a aprobación inicial da dita subvención será independente da concesión da calificación provisional ou do certificado de rehabilitación, que soamente implican o dereito ó trámite da expresada subvención.

En todo caso, de solicitarse estas subvencións complementarias, non se concederá a calificación provisional ou o certificado de rehabilitación sen a inspección previa da edificación que se vai rehabilitar.

Artigo 10º.—

A aprobación inicial da subvención complementaria efectuarase mediante resolución dictada polas Delegacións Provinciais da C.O.T.O.P., logo de aprobación presupostaria da Dirección Xeral da Vivenda, xa que no caso de que o número e importe das solicitudes supere a contía das disponibilidades presupostarias se procederá na forma que establece o artigo 13 da presente Orde.

Artigo 11º.—

O pagamento das subvencións complementarias estará igualmente condicionado á aprobación final de tódalas obras de rehabilitación polas Delegacións Provinciais da C.O.T.O.P., logo de informe técnico favorable das obras realizadas no que se fará constar que o conxunto da edificación quedou axeitado á tipoloxía tradicional da zona.

Artigo 12º.—

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións complementarias rematará o día 30 de outubro deste ano nas Xefaturas de Vivenda das Delegacións Provinciais da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e Oficinas Xestoras de Rehabilitación, e o 25 de outubro nas entidades financeiras.

O expresado prazo poderá ser prorrogado por Resolución da Dirección Xeral da Vivenda, de consideralo oportuno, ampliación que será feita pública no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 13º.—

No caso de que o número de solicitudes presentadas supere as disponibilidades presupostarias existentes, a aprobación e concesión da subvención complementaria efectuarase de acordo coa seguinte orde de selección:

1.— Terán preferencia exclusiva as solicitudes de solicitantes con ingresos inferiores.

2.— Entre os solicitantes de iguais ingresos concederáselles preferencia ás solicitudes de persoas dedicadas a actividades do sector primario.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Única.— Esta Orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Única.— As actuacións de rehabilitación que á entrada en vigor desta Orde tiveran concedido financiamento ó amparo do disposto no Decreto 258/85, do 14 de novembro, e na Orde do 18 de decembro de 1985, seguiranse rexendo polo establecido nas citadas disposicións.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 1987

Fernando Pedrosa Roldán
Conselleiro de Ordenación do Territorio
e Obras Públicas



ANEXO

CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS
PÚBLICAS - DIRECCIÓN XERAL DA VIVENDA
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE:
XEFATURA PROVINCIAL DA VIVENDA

Solicitude de axudas complementarias para actuacións de rehabilitación

Don/dona

con D.N.I. nº e domicilio en

D. postal provincia

rúa ou praza nº

EXPÓN:

1.— Que segundo acredita en documentación adxunta e que se relaciona no dorso, reúne condicións para solicita-las axudas complementarias segundo dispón a Orde do 22.07.87, como promotor de actuacións de rehabilitación (1) no inmovible nº , concello , provincia

2.— Que as actuacións que vai realizar afectan a:

Cuberta	SI	NON	
Fachadas	SI	NON	
Carpintería exterior	SI	NON	(2)
Supresión de elementos engadidos	SI	NON	

3.— Que presentou a documentación precisa para se acoller ós beneficios de rehabilitación do Plan Cuatrienal vixente, de acordo co disposto no Real Decreto 2329/1983, do 28 de xullo, así como a necesaria para formaliza-la boa execución e uso da rehabilitación pretendida, comprometéndose a executa-las obras de acordo co contido da mesma, así como facilita-las visitas para a súa inspección polos técnicos competentes.

Por todo iso, SOLICITA:

- Que lle sexa concedida a axuda complementaria correspondente a tales actuacións de rehabilitación de acordo co regulado na Orde do 22.07.87.

..... de de 1987

O solicitante,

(1) Libre ou protexida.

(2) Táchese o que non proceda.

A solicitude presentarase acompañada de:

- Xustificación, mediante certificación do Concello respectivo, de que a vivenda está situada nalgún dos núcleos que se especifican no artigo 2º da Orde.
- Memoria explicativa das obras que se pretenden realizar de entre as incluídas no artigo 4º da Orde e xustificación de que estas se adaptan á tipoloxía tradicional da zona.
- Presuposto, con xustificación de precio das obras ás que se refire o apartado anterior.
- Os documentos que acrediten que o solicitante é o propietario da vivenda.
- Certificado municipal acreditativo de que a vivenda constitúe o domicilio habitual e permanente do solicitante.